



# **ADDENDA II DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020**

**CENTRO: IES de Quiroga**  
**CURSO: 1º ESO**  
**MATERIA: Iniciación á Informática**  
**DEPARTAMENTO: Tecnoloxía**  
**DATA: 12/05/2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
<b>1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS</b>	<b>1</b>
<b>2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN</b>	<b>2</b>
<b>3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN</b>	<b>4</b>
<b>4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE</b>	<b>5</b>

## 1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS

Estes criterios e estándares están sendo traballados no terceiro trimestre de xeito telemático e polo tanto só se terán en conta para subir nota na terceira avaliación. Por suposto, estes criterios e estándares non serán esixíbeis na avaliación extraordinaria de setembro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES
<b>Bloque4: Elaboración de presentacións</b>	
Coñecer a estrutura dunha presentación	Manexa os principais comandos dun editor de presentacións
Diferenciar os principais menús e barras de ferramentas dun editor de presentacións	Elabora presentación de forma autónoma
<b>BLOQUE 6: Edición de imaxes</b>	
Tratar imaxes dixitais de forma sinxela	Obtén imaxes por diversos medios
	Identifica formatos de imaxes
Maquetar e importar imaxes	Almacena e modifica imaxes
	Utiliza imaxes en documentos de texto, follas de cálculo e presentación.
<b>BLOQUE 7 : Internet</b>	
Coñecer os conceptos básicos sobre internet.	Describe os conceptos básicos de Internet
	Utiliza un navegador web.
Coñecer ferramentas e aplicacións básicas para a procura e a descarga de información.	Busca e recolle información da rede
	Utiliza o correo electrónico

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

<b>Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b>Procedementos (3ª avaliación):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>As tarefas prácticas que se avalíen como feitas/non feitas terán unha puntuación en función da porcentaxe que representen con respecto ao total segundo a fórmula: <math display="block">\text{Nº Tarefas entregadas} * 10 / \text{Nº de Tarefas totais.}</math>Obterase una puntuación entre 0 e 10</li> <li>As tarefas que se avalíen entre 0 e 10, farase unha media aritmética do total das puntuacións das mesmas.</li> </ul>
	<p><b>Instrumentos (3ª avaliación):</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Tarefas realizadas no libro multimedia tecno12-18.com de repaso. Avaliaranse como feita ou non feita.</li> <li>Outras tarefas realizadas de repaso (test globais feitos no libro multimedia tecno12-18.com, cuestionarios feitos a través do Google Forms, actividades feitas no caderno e enviadas por correo electrónico). Avaliaranse cunha nota entre 0 e 10.</li> <li>Tarefas realizadas no libro multimedia tecno12-18.com de ampliación. Avaliaranse como feita ou non feita.</li> <li>Outras tarefas realizadas de ampliación (cuestionarios feitos a través do Google Forms, actividades feitas no caderno e enviadas por correo electrónico). Avaliaranse cunha nota entre 0 e 10.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li><b>3ª AVALIACIÓN :</b> O traballo realizado en cada unha das 10 semanas do terceiro trimestre suporá un 10% da nota final da terceira avaliación.</li> <li><b>AVALIACIÓN ORDINARIA</b> A nota final calcúlase do seguinte xeito: <b>(media aritmética da 1ª e 2ª avaliación) + 0,2 * (Nota 3ª Avaliación)</b></li> <li><b>ALUMNADO COA 1ª E 2ª AVALIACIÓN APROBADAS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>A nota final será a media aritmética das dúas avaliacións. A esta engadiráselle a puntuación obtida a partir do fin das clases presenciais.</li> <li>(media aritmética da 1ª e 2ª avaliación) + (media aritmética das puntuacións obtidas nas tarefas da 3ª avaliación)</li> <li>A nota final estará comprendida entre 5 e 10.</li> </ul> </li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ALUMNADO COA 1ª E/OU 2ª AVALIACIÓN SUSPENSAS OU NON RECUPERADAS: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ As persoas que teñan suspenso a primeira e/ou segunda avaliación terán unha ou máis probas escritas telemáticas de recuperación.</li> <li>○ No caso de superar estas probas, substituirase a media aritmética das mesmas pola nota que tiñan adquirida na primeira avaliación e/ou na segunda avaliación.</li> <li>○ E para o cálculo da cualificación final aplicaráselle o mesmo procedemento que ao resto de alumnado.</li> <li>○ (media aritmética da recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación ) + (media aritmética das puntuacións obtidas nas tarefas da 3ª avaliación)</li> <li>○ A nota final estará comprendida entre 5 e 10.</li> <li>○ No caso de non superar as probas escritas telemáticas de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, a nota final non será superior a 4.</li> </ul> </li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>Proba extraordinaria de setembro</b></p>	<p>O alumnado coa materia suspensa na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades sanitarias e educativas, se non sería substituído por unha proba telemática) en setembro. Esta proba versaría sobre os estándares de aprendizaxe (en cor negra) citados con anterioridade.</p>

ALUMNADO DE MATERIA PENDENTE	
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
Os establecidos na Programación didáctica do departamento entregada a inicio de curso.	
PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Prácticas sobre os estándares de aprendizaxe	<p>Packs de prácticas teóricas e prácticas que serán subidos á aula virtual e comunicado ao alumnado a través do correo electrónico. Cada Pack terá unha puntuación de 0 a 10 que se calculará segundo o seguinte</p> <p><b>Nºprácticas realizadas correctamente*10/ Nº Prácticas totais</b></p> <p>A entrega das prácticas polo alumnado deberá realizarse antes dunha data determinada . De non cumprir os prazos a puntuación será de 0.</p>
Proba específica	Proba escrita telemática: Aquel alumnado que non obteña unha puntuación igual ou superior a 5 nas prácticas, será convocado a través da aula virtual cunha antelación superior aos 7 días para unha proba escrita telemática. A mesma terá unha duración limitada (especificada no encabezamento do exame) e indicarse

	a valoración de cada unha das preguntas de tal xeito que a proba terá unha puntuación total de 10. A proba será colgada na aula virtual do centro podendo conter exercicios tipo test ou preguntas teóricas ou pequenas prácticas. A proba escrita poderá ser seguida polo profesorado a través da plataforma Cisco Webex Meetings da Consellaría de Educación.
<b>Cualificación final</b>	
A cualificación final será igual a nota obtida nas prácticas cando esta sexa igual ou superior a 5	
De non ser así, para o alumnado que fose convocado a unha proba específica a cualificación será a obtida na devandita proba.	

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

<b>Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Actividades de repaso.</li> <li>● Actividades de ampliación.</li> <li>● Cuestionarios ou probas de recuperación.</li> </ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Existe alumnado sen posibilidade de conexión para o que dende a dirección do centro se estableceron medidas para proporcionarlles o material de traballo en formato papel que logo será entregado no centro educativo unha vez elaborado.</li> <li>● As tarefas son subidas á aula virtual do centro semanalmente, coa posibilidade de preguntar dúbidas sempre que o necesiten a través do correo electrónico e do propio Foro da aula virtual.</li> </ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>● Libro multimedia tecno12-18.com</li> <li>● Edición dixital libro de texto do alumnado na plataforma Wareas.</li> <li>● Cuestionarios realizados no Google Forms</li> <li>● Correo electrónico</li> <li>● Ordenador / Móbil con conexión a Internet</li> <li>● Escáner de documentos</li> <li>● Excepcionalmente empregárase a ferramenta Cisco Webex Meetings, xa que é preciso ter unha boa conexión a Internet e traballar con grupos moi pequenos ou titorías para a resolución de dúbidas para que sexa efectiva.</li> </ul>

**4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

<b>Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase ao alumnado dos cambios producidos na programación didáctica do departamento do seguinte xeito: <ul style="list-style-type: none"><li>● A través da páxina web do centro</li><li>● A través do Abalar Móbil, informarase de que a addenda da programación didáctica atópase a súa disposición.</li></ul>
<b>Publicidade</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>● A través da páxina web do centro.</li></ul>

*Quiroga, 12 de maio de 2020*

*Asdo.: Belén Armesto Fernández*

*Xefa do departamento de Tecnoloxía*

*IES de Quiroga*